


BOLETÍN UVIGO/HUMANA



O BOLETÍN UVIGO/HUMANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Responsabilidade Social e Cooperación [+ Info Direc.rsco@uvigo.es](mailto:+Info Direc.rsco@uvigo.es)

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIÓNS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible. [+Info](#)

AXENDA

Curso Axenda 2030. Axentes do cambio. O Curso "Axenda 2030. Axentes do cambio" ten unha duración de 30 horas e vai dirixido ao alumnado da Universidade de Vigo que teña un forte compromiso coa protección do medioambiente e coa erradicación das desigualdades no mundo. Docencia virtual do 1 ao 28 de febreiro. [+Info](#)

Voluntariado Axentes do Cambio. As persoas voluntarias, a través dunha serie de actividades, darán a coñecer a Axenda 2030 entre o alumnado da UVigo. [+Info](#)

Curso Escola de sustentabilidade e cidadanía global. Mulleres bravas defensoras da terra.

Este curso quere visibilizar os impactos e alternativas do extractivismo en Galicia e noutras zonas do mundo. Para isto, o programa acolle diversos encontros con mulleres activistas de Honduras. Docencia dende o 23/02/2022 ao 15/06/2022. [+Info](#)



CURSOS

Curso de formación básica en voluntariado

A Oficina de Cooperación e Voluntariado organiza do 10 ao 12 de marzo un curso básico sobre formación de voluntariado na Universidade da Coruña. [+Info](#)

Formación "Promoción do voluntariado no ano do Xacobeo 2022". Special Olympics Galicia

A través desta formación, a asociación sen ánimo de lucro pretende visibilizar as capacidades e actividades que realizan con persoas con discapacidade intelectual. [+Info](#)

Bio Galicia Summit: Solucións biotecnolóxicas para os retos sanitarios e agroalimentarios

Do 2 ó 4 de marzo de 2022, este evento presenta as últimas tendencias en biotecnoloxía aplicada á saúde e á agroalimentación nunha sesión en liña de balde. [+Info](#)

Formación básica en Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Cruz Vermella

Este curso en liña está dirixido ao persoal e voluntariado da Cruz Vermella. Inicio: 24/03/2022. Fin: 7/04/2022. Límite de matriculación: 21/03/2022. [+Info](#)

Formación en liña "Detección e intervención en casos de racismo e xenofobia". SOS Racismo

Esta actividade formativa está dirixida a profesionais para facilitar pautas que axuden a entender que é o racismo e saber detectar vulneracións de dereitos nos procesos cotiáns, así como as diferentes ferramentas que temos a noso alcance como profesionais para intervir e/ou denunciar. [+Info](#)

CONVOCATORIAS

I Certame para a mocidade de cortos de temática medioambiental "El escarabajo verde"

O concurso está orientado á difusión da creación audiovisual a través das novas tecnoloxías co propósito de fomentar a concienciación medioambiental. Periodo de inscricións: do 18/01/2022 ao 01/04/2022. [+Info](#)

Bolsas de voluntariado en cooperación ao desenvolvemento en Honduras. Enxeñería Sen Fronteiras

No marco do Programa de Coñecemento da Realidade 2022, ofértanse 3 prazas ás que se pode optar até o 1 de marzo de 2022. [+Info](#)

Bolsas para a financiación de proxectos de investigación en tecnoloxías para o desenvolvemento humano (TpDH). Enxeñería Sen Fronteiras e ArtigoTech

A convocatoria enmárcase dentro do proxecto "Tecnoloxía ao servizo do ben común, da cidadanía global e da inclusión dende escolas técnicas da Universidade galega". [+Info](#)

Programa de bolsas MAEC. Formación nos Centros da Cooperación Española en América Latina

Estas becas convocadas pola Axencia Española de Cooperación ao Desenvolvemento están dirixidas para a capacitación da mocidade do Estado español durante o curso académico 2022-2023. [+Info](#)

Bolsas para titulados superiores universitarios e en formación profesional en asuntos europeos e I+D+i

A Fundación Galicia Europa convoca dúas bolsas de formación para realizar prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea na súa sede en Bruxelas. [+Info](#)

OUTRAS ACTIVIDADES

Enquisa: en que medida se traballa a tecnoloxía cun enfoque de ben común e dereitos humanos nas universidades galegas?

A iniciativa parte de Enxeñería Sen Fronteiras e ArtigoTech, quenes procuran coñecer o grao de implantación da perspectiva de tecnoloxía para o ben común e os dereitos humanos nas escolas técnicas de estudo universitario a nivel galego. [+Info](#)

Escola antirracista de Resistencia en Terra Allea

A colectiva acaba de poñer en marcha un proxecto pedagóxico que decorrerá mensualmente tanto de forma presencial coma en liña. Ten como obxectivo principal “educar sobre colonialismo e colonialidade, feminismos non hexemónicos e fragilidades brancas”. [+Info](#)

Campaña #RegularizacionXa: Iniciativa Lexislativa Popular para unha regularización extraordinaria de persoas estranxeiras

De acordo coas estimacións máis recentes, no Estado español residen de xeito irregular entre 390.000 e 470.000 persoas, das cales unha terceira parte son menores de idade. As duras restricións nas condicións de acceso ós permisos de residencia e un procedemento administrativo complexo, forzan a migrantes e persoas solicitantes de asilo a vivir nunha situación de extrema vulnerabilidade e exclusión social. A ILP procura revertir esta situación recollendo 500.000 sinaturas para instar ao Congreso a debatir unha regularización extraordinaria en forma de lei.

[+Info](#)



SUXESTIÓNS

Guía Didáctica 'En Deuda con Todas'



A ONGD Asamblea de Cooperación pola Paz Galicia elaborou a Guía Didáctica "En Deuda con Todas" que parte dun documental co mesmo nome producido por AGARESO e ACPP no ano 2019.

A peza audiovisual chama a atención sobre a vulneración de dereitos que sofren as mulleres salvadoreñas no tocante ao acceso a unha saúde sexual e reprodutiva libre de prexuízos ideolóxicos, especialmente para nenas e mulleres máis vulnerables. [+Info](#)

© Asamblea de Cooperación pola Paz.

De oficio, defensoras' ten banda sonora

A Coordinadora Galega de ONGD quixo comezar o ano 2022 con música. Para isto, elaborou unha playlist de Spotify con temas compostos e/ou interpretados por mulleres de diferentes partes do mundo que ademais de artistas son activistas e defensoras dos dereitos humanos.

Entre elas: La Muchacha (Colombia), Evelyn cornejo (Chile), Mo'kalamity (Cabo Verde), Nneka (Nixeria), Mon Laferte (Chile), Vivir Quintana (México), Sara Curruchich (Guatemala), Aziza Brahima (Sáhara Occidental), Malouma (Mauritania), Danay Suárez (Cuba), Semilla nativa (Costa Rica), Fémina (Arxentina), Xiomara Fortuna (República Dominicana), Rebeca Lane (Guatemala) & Audry Funk (México), Caye Cayejera (Ecuador), Belona (Chile), Bi Kidude (Tanzania), Emel (Tunisia), Renee Goust (México), Habelas Hainas (Galicia), Bia Ferreira (Brasil), Larissa Luz (Brasil)... [+Info](#)

NOVAS DO DUVI

Un estudante venezolano estrea a liña de axudas para refuxiados da UVigo [+Info](#)

Dez sesións para analizar o Pacto Verde Europeo [+Info](#)

Mario Pansera participa nun debate sobre economía e sustentabilidade promovido pola UE [+Info](#)

Un videoxogo achegará as novas xeracións á problemática do cambio climático no medio mariño [+Info](#)

A artificialización litoral, unha ferramenta útil na xestión costeira sostible [+Info](#)

'Docs del Mes' continúa promovendo unha reflexión sobre diferentes problemáticas sociais [+Info](#)

NOVAS

Apoiamos a ILP para unha regularización extraordinaria de persoas estranxeiras [+Info](#)

13 de febrero: mobilizacións en todo o Estado para derogar a Lei Mordaza [+Info](#)

O Consello de Ministros aproba o anteproxecto da Lei de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global [+Info](#)

Ucráina: a garantía dos dereitos humanos e a seguridade das persoas, ante todo [+Info](#)

O Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE) aprobou o Plan anual 2022 da Cooperación Galega [+Info](#)

Entrega dos III Premios Consello Social-UVigo Humana [+Info](#)

Nova edición do taller "Enraizando No Dixital" de Provivienda en Vigo [+Info](#)

Arranca o proxecto "Terras Vivas" de Provivienda para impulsar as zonas rurais. Esta iniciativa céntrase na intervención con persoas migrantes [+Info](#)

VOLUNTARIADO E PRÁCTICAS PROFESIONAIS

PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO PARA O ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Os membros da nosa comunidade universitaria poden participar en proxectos de voluntariado mediante unha entidade de acción voluntaria.

Como alumnado tes dereito ao recoñecemento de créditos ECTS por compartir horas do teu tempo. Podes validar 30 horas de voluntariado por 1 crédito ECTS.

[+Info](#)

OUTRAS OPORTUNIDADES DE VOLUNTARIADO

Centro Europeo de Voluntariado [+Info](#)

Portal Europeo da Xuventude [+Info](#)

Prácticas profesionais nas ONGD [+Info](#)

Voluntariado da Organización das Nacións Unidas [+Info](#)

Voluntariado Galego [+Info](#)

RECURSOS

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)

Outros catálogos en materia de cooperación e desenvolvemento (Cooperación Española) [+Info](#)

Publicacións da asociación Provivienda [+Info](#)

Publicacións de Enxeñería Sen Fronteiras [+Info](#)